



morreu



demo

ATIVIDADES
E MATERIAIS

2013/14

A **Asociación Cultural Morreu o Demo** é unha entidade sen ánimo de lucro que traballa polo coñecemento e divulgación do títere tradicional galego. No marco do seu labor para a recuperación destes elementos da nosa cultura tradicional, a AC Morreu o Demo achega á sociedade unha serie de propostas divulgativas. As nosas actividades están dirixidas a diferentes idades e pretenden ser un xeito didáctico e sinxelo de se introducir no mundo do títere e de coñecer a *Barriga Verde*, personaxe senlleiro deste ámbito e referente fundamental da cultura popular galega do século XX. Con estas propostas queremos animar ao contacto interxeracional e á recuperación da memoria sobre as feiras e festas de antano, como un primeiro paso para valorizarmos a vixencia de moitos elementos da nosa cultura tradicional no mundo de hoxe.

De xeito paralelo, presentamos os primeiros materiais que fan parte do **Proxecto Barriga Verde**. Por unha banda, achegamos publicacións coas que pretendemos contribuír a

que exista unha bibliografía que permita á sociedade achegarse a este títere. Pola outra, propomos uns primeiros carteis que queren contribuír a que *Barriga Verde* estea presente en centros de ensino, casas da cultura ou bibliotecas en pé de igualdade con outros personaxes da cultura popular contemporánea, a miúdo de raigame allea.

En cada actividade propónse unha idade e un tipo de contextos para os que está recomendada. No entanto, estas suxestións son meramente orientativas e poden flexibilizarse en moitos dos casos, do mesmo xeito que se pode negociar a duración e distribución en sesións de moitas delas. A contratación de actividades ou a adquisición de produtos por xunto permitirá descontos para os usuarios.

Para alén de todas estas propostas, o web barrigaverde.eu, o Facebook ou o Twitter do proxecto achegan de xeito continuo novos materiais, contidos multimedia e información comprida sobre as actividades e propostas arredor desta iniciativa.

Onde foi Barriga Verde?

A exposición pretende animar o visitante a reflexionar, a partir do esquecemento da figura de Barriga Verde en apenas 40 anos, sobre a perda do patrimonio inmaterial. A transmisión interxeracional, a perda de identidade e a importancia de manter referentes propios que se poden reelaborar e recrear son temas que complementan a propia historia de Barriga Verde e da familia Silvent. A mostra retrotraéenos ao comezo das investigacións actuais sobre Barriga Verde, salientando a escaseza de material existente sobre a figura e amosando o proceso de esquecemento da mesma. As conexións europeas da obra do personaxe, a situación actual deste legado ou o mundo das feiras e a súa evolución son temas que tamén se abordan nunha linguaxe sinxela e complementados con ilustracións, mapas e fotografías.

Ademais, o discurso expositivo pretende actuar como punto de partida no actual proceso de recuperación do personaxe. Con este fin, déixanse abertos moitos dos contidos e



saliéntase a falta de información que existe en varios casos.

A exposición conta cunha **guía didáctica** que se pode descargar desde o web barrigaverde.eu, na que se propoñen actividades para diferentes idades. A lingua, a historia, a expresión artística ou os procesos de recuperación de memoria son algúns dos ámbitos que se propoñen. Desde a elaboración de títeres ata análises sobre as formas de lecer de diferentes xeracións, hai actividades para diferentes idades e intereses.

Tamén se inclúen no web **carteis publicitarios** a toda cor descargables que se poden personalizar para incluír o lugar e datas de cara exposición.

- ▶ **A partir de 11 anos**
- ▶ **9 paneis** de lona de 100x150cm a toda cor
- ▶ Non-autoportables, con enganches para pendurar
- ▶ IES, bibliotecas, casas da cultura, centros sociais.
- ▶ **Calendario:** 2/3 semanas de exhibición



Dispomos de charlas de diferentes temáticas arredor do mundo do títere tradicional e de Barriga Verde, orientadas a diferentes idades e grupos de poboación.

Barriga Verde e as marionetas do mundo

Anxo García (titiriteiro e recuperador do espectáculo de Barriga Verde) e Comba Campoy (produtora do documental *Morreu o Demo, acabouse a peseta* e investigadora sobre a tradición de títeres galega) presentanlles dun xeito práctico, moi participativo e lúdico aos nenos/as os diferentes tipos de marionetas (luva, varíña e mesa), facendo un percorrido polas diversas formas de títeres e manipulación en diferentes partes do mundo e o porqué do uso de cada unha delas. Tras este percorrido centrarémonos na tradición galega, nas figuras do bululú e Barriga Verde principalmente, amosando o papel que desempeñou este personaxe na cultura galega.

► Todos os públicos

- CEIP, bibliotecas, casas da cultura.
- 50'

José Silvent e a historia de Barriga Verde

A charla céntrase en relatar a historia de José Silvent, primeiro Barriga Verde, a súa popularidade e a importancia do espectáculo de Barriga Verde na cultura popular do século XX. A evolución da barraca e do espectáculo, os diferentes barrigas verdes que percorreron Galiza ou a vida dos titiriteiros abordaranse dun xeito lúdico. Ademais, reproduciranse testemuñas orais sobre o o tema e algúns dos textos que destacados persoeiros da cultura escribiron sobre o personaxe.

► A partir de 11 anos.

- Necesidades: proxector (se dispoñible)
- IES, bibliotecas, casas da cultura.
- 60'

Barriga Verde para hoxe

A charla achegará as persoas mozas a figura de Barriga Verde e o seu creador, José Silvent, como unha figura contestataria que, a través do humor, representou unha forma de rebeldía fronte ao momento histórico que lle tocou vivir. Faráse fincapé nos aspectos máis irreverentes da marioneta e das pezas representadas, animando ao público a comparar esta figura con outras coas que a mocidade actual pode sentirse identificada (Xabarán, Bart Simpson...). Asimesmo, un membro da compañía Viravolta explicará como foi a reconstrución do espectáculo e da barraca orixinais, e amosará algúns dos bonecos construídos para a ocasión. Os asistentes poderán propoñer novos argumentos para a peza de títeres, de cara á súa adaptación aos tempos actuais.

► **A partir de 14 anos**

► **Necesidades: proxector (se dispoñible)**

- IES, bibliotecas, casas da cultura.
- 90'

Lembranzas das festas

Na charla convidarase a dúas persoas maiores da localidade a compartir as súas lembranzas do teatro de Barriga Verde e das feiras e festas de antano. A charla será dinamizada por dous membros da asociación, que tentarán que outras persoas asistentes compartan tamén as súas memorias da época na que a barraca de Barriga Verde percorría as feiras galegas. Asimesmo, un membro da compañía Viravolta explicará como foi a reconstrución do espectáculo e da barraca orixinais, e amosará algúns dos bonecos construídos para a ocasión.

► **Adultos. Preferentemente a partir de 50 anos.**

- Bibliotecas, casas da cultura, centros sociais.
- 120' Esixe un contacto previo coas persoas interesadas en compartir as súas lembranzas.

Videoforum

Proxectarase o documental *Morreu o Demo, acabouse a peseta*, de 78' de duración, dirixido por Pedro Solla e producido por Tintimán Audiovisual. O documental amosa o proceso de recuperación da barraca de Barriga Verde por parte dos membros da compañía Viravolta. Ao longo da súa investigación conversan cos descendentes da familia Silvent, creadores do personaxe de títeres de luva, así como con outros marionetistas europeos. Ademais realízase un achegamento ao títere de luva

galego, e á tradición europea da que fai parte. A seguir, membros do equipo do documental ou de Viravolta desenvolverán un debate cos asistentes sobre a película e a situación dos títeres e doutros elementos da sociedade tradicional na actualidade.

- IES, bibliotecas, casas da cultura, centros sociais
- **Necesidades: proxector**
- **120'**



Recollida

En **tres sesións** membros da asociación Moreu o Demo coordinarán unha iniciativa de recollida de memoria arredor dos títeres a festas populares. Amosaranse exemplos de testemuños recollidos, explicaranse xeitos de facer entrevistas e traballarase a problemática específica de traballar coa memoria oral e de recoller testemuñas sobre estes temas.

Ademais, valoraranse as testemuñas recollidas e amosarase como se extraen datos das mesmas e como se pode afondar en determinados aspectos da memoria das persoas.

- ▶ **A partir de 12 anos**
- ▶ IES
- ▶ 3 sesións de 90' (flexible)

A memoria das festas

A proposta pretende compilar experiencias sobre Barriga Verde e as diferentes barracas que percorreron Galiza entre os anos 10 e 60 do pasado século. En cada un dos centros participantes preséntase o equipo e explícase de viva voz, e cunha introdución audiovisual, o proxecto. Realízase un encontro cos participantes, propondo un tema e desenvolvéndoo en común. A iniciativa grávase (no momento ou a posteriori, recollendo unha selección de lembranzas individuais). Recóllese material que os participantes poidan ter sobre estes eventos (fotografías, recortes de xornal, folletos, entradas...) e dixitalízase. Logo da gravación, édítase un vídeo no que se recollen as diferentes lembranzas sobre as festas que xorden en cada encontro.

Opcións

- a) Levar un grupo de música que interprete temas propios de festas, organizando sesión de baile no correspondente centro. Consultar cos participantes temas

que eles lembran para artellar o repertorio de xeito previo.

b) A partir dos testemuños recollidos, seleccionar un grupo de persoas de entre os informantes cos que facer un encontro ao vivo con persoas doutras xeracións. No mesmo explicanlle as súas lembranzas aos participantes máis novos e responden ás súas preguntas.

c) Integrar na actividade a proxección do documental *Morreu o demo, acabouse a peseta* ou unha actuación do espectáculo de títeres de Barriga Verde, por parte da compañía Viravolta. Nese caso o público da actuación amplíase até a infancia.

Calendario

A recolla de información desenvólvese cun ou dous meses de antelación á celebración da festa en cada unha das cidades e vilas participantes. A coincidir co comezo das festas preséntase, como incluído no programa, a proxección do video en cada centro participante.

O conxunto do material multimedia compílase no web barrigaverde.eu ou na canle de Youtube.

► **A partir de 50 anos**

- Centros socioculturais e da terceira idade
- Sesións a convir (mínimo de 3) de **120'** cada unha



Escrita dramática

A actividade pretende achegar a mozas e mozos adolescentes (entre 14 e 18 anos) ao mundo da escrita de textos de teatro, partindo do modelo das pezas de títeres. Os textos tradicionais de teatro de títeres transmitíanse oralmente, e por iso a súas estruturas dramáticas responden a un esquema básico moi sinxelo, que constitúe unha excelente maneira de introducir ás persoas mozas na lectura e creación de textos para teatro.

Ao longo das dúas horas que dura cada sesión combinaranse os exercicios prácticos de creación de escenas breves coa lectura comentada dalgunhas pezas de teatro para títeres de autores como Eduardo Blanco Amor, Manuel María, Valle Inclán ou Federico García Lorca, que escribiron pezas para títeres inspirándose no teatro popular da súa época.

Tamén se tomarán como exemplo os argumentos do teatro de Barriga Verde, de grande sinxeleza e eficacia, e proporase unha

actualización deste repertorio para adaptala ás preocupacións e inxedanzas do alumnado adolescente.

Con posterioridade ao obradoiro, como actividade complementaria sen custo para a biblioteca, realizarase unha representación pública das pezas escritas polo alumnado ao longo das sesións.

- **A partir de 14 anos**
- **Necesidades: Espazo con mesas**
- **480' (4 sesións de 120')**

Construción e manexo de títeres

Educación Infantil e de Primaria

Nestes obradoiros cada un dos participantes elaborará unha marioneta de luva, con materiais moi sinxelos. Os/as monitores/as apoiarán o traballo dos nenos/as, guiándoos nos aspectos técnicos pero respectando a creatividade de cada participante.

- IES, CEIP, casas da cultura, centros sociais.
- **Necesidades: Espazo con mesas**
- **120' (1 sesión)**

Educación Secundaria

Durante varias sesións, os e as alumnas aprenderán a fabricar e a manipular un boneco de luva. Ao remate do curso as e os alumnos representarán unha pequena peza de títeres de luva na que poidan pór en práctica as habilidades adquiridas.

- **Necesidades: Espazo con mesas**
- **480' (4 sesións de 120')**



Títeres: Barriga Verde

Mesturando a tradición do títere galego coa europea, recollemos cinco situacións que Barriga Verde, coa axuda da súa cachaporra, resolve dun xeito que incomoda ao Demo ao ver o seu inferno cheo de personaxes que non lle son gratos.

Espectáculo baseado na investigación que a compañía fixo sobre a figura de Barriga Verde e o títere tradicional galego. Preséntase coma unha homenaxe ao Barriga Verde que a familia Silvent representou por Galicia na primeira metade do século XX.

Texto: Tradicional - Viravolta títeres

Iluminación: Xulio Balado

Vestuario: Pilar Álvarez

Talla: Luis Iglesias

Manipulación: Pilar Álvarez, Xulio Balado, Anxo García

Dirección: Anxo García

Producción: Viravolta Títeres

- **Todos os públicos**
- IES, Casas da Cultura, Centros Sociais, Bibliotecas
- **50'**

Necesidades técnicas:

- Montaxe 2 h, desmonte 1 h
- Medidas do espazo escénico: Boca 3m; Alto 3m; Fondo 3,5m
- Potencia eléctrica: 3000W a 220V



Como apoio ás actividades e para quen estea interesado en afondar na figura de Barriga Verde e no títere tradicional, a AC Morreu o Demo ten dispoñible o seguinte material.

Morreu o demo, acabouse a peseta

Libro-DVD

Morreu o demo, acabouse a peseta Con esta frase remataban os espectáculos do último títere tradicional galego. O seu nome, Barriga verde, resoa aínda na memoria de moitas persoas, mais o boneco e as formas daquel espectáculo corren o risco de caer no esquecemento. Para evitalo, distintas iniciativas procedentes dos eidos do audiovisual, do teatro e da investigación únense no proxecto Barriga Verde co que recuperar o patrimonio titiriteiro galego e poñelo en relación coa estirpe europea dos Polichinelas.

Este libro-DVD é un primeiro achegamento a este mundo, onde os textos complementan as imaxes do documental no que Barriga Verde e os seus parentes europeos cobran vida.

- **Libro+dvd**
- **Subtitulado en sete linguas**
- **Data de edición:** 22/05/2013
- **ISBN:** 978-84-940366-4-4
- **EAN:** 978849403664
- **Colección:** musica
- **Páxinas:** 62
- **Encadernación:** rústica
- **PVP:** 12 €



José Silvent Martínez, el mítico Barriga Verde

Libro

José Silvent Martínez non naceu en Galiza, pero respirou aires galegos desde novo. Acadou unha popularidade sen precedentes cun espectáculo ambulante, que percorreu festas e romarías, no que os monicrequees, sinaladamente o heroe Barriga Verde, eran o elemento máis atractivo. A presente publicación, elaborada con agarimo e rigor, trata de dar a coñecer a vida, arte e realizacións deste titiriteiro, sen dúbida, o máis popular da nosa terra durante o século pasado, que, polas súas excepcionais calidades persoais e artísticas, converteuse no mítico Barriga Verde para o público, que o aplaudía afervoadamente, así como para boa parte dos bonequeiros galegos.

Con linguaxe coloquial e estilo sinxelo, o autor sitúao nos contextos social e histórico e destaca a relevancia que tivo o seu espectáculo de monicreques para a nosa lingua e para a nosa cultura, pois os bonecos, falaban galego, nun tempo en que estaba desprezado e mesmo perseguido.

- **Edita:** Urco Editora,
- **Ano:** 2013
- **Xénero:** Biográficos
- **Coleccion:** Biblioteca NIKE
- **Pax:** 235
- **ISBN:** 978-84-15699-28-6
- **PVP:** 15 €







ASOCIACIÓN CULTURAL
PARA A RECUPERACIÓN DO
TÍTERE TRADICIONAL GALEGO

info@barrigaverde.eu
@proxectobarrigaverde
www.barrigaverde.eu
Tel: **630 16 61 94**